CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe elementos básicos da música tradicional Galega.		
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñece a figura branca, negra e os silencios correspondentes		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura información sobre música tradicional galega		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica manifestacións culturais de Galicia. As Letras Galegas		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosa respecto e actitude positiva na recepción de propostas musicais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Amosa capacidade expresiva nas interpretacións		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa de forma cooperativa na creación de producións culturais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e actitude positiva na realización das actividades		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubre propostas artísticas da música tradicional galega		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe elementos da música tradicional		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosa respecto e actitude positiva na recepción de propostas musicais.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de xeito cooperativo nas interpretacións		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Desfruta ao realizar as interpretacións musicais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto e actitude positiva na realización das actividades		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Amosa capacidade expresiva		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa nas interpretacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante</li> </ul>

## Contidos

- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
6	O verán	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais con instrumentos de materiais sinxelos, refugallo e/ou reciclaxe. Descobre o 3º mov. de O verán de Vivaldi.	TI	100
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica a clave de sol; as notas do, mi e sol e o pentagrama, situando neste último os referidos elementos. Asocia sons e voces coñecidos da súa contorna a obxectos ou persoas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Amosa capacidade expresiva nas interpretacións		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa nun grupo que crea un conto baixo a música do 3º mov. de O verán de As catro estacións de A. Vivaldi.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Desfruta na realización das interpretacións		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da música dramática.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Desfruta na realización das interpretacións		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de forma cooperativa nas producións musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispen-</li> </ul>

## Contidos

- Sable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será global, activa (mental e física), e lúdica, que potencie a construción de aprendizaxes significativas, que partan de esquemas previos de coñecemento para modificalos, completalos ou reconstruílos. Tentarase implicar ao máximo ao alumnado, tanto na realización de actividades como na proposición das mesmas. Tanto a produción como a expresión realizarase a través de catro medios: a voz e o canto; os instrumentos musicais; movemento e danza e a representación plástica.

Será unha metodoloxía ecléctica, xa que se recollen aspectos de diferentes pedagogos musicais para adaptalos á nosa realidade:

- Wuytack (musicogramasy forma musical).
- Orff (instrumental Orff, prosodia yfononimia).
- Kodaly (canto, música popular yfononimia).
- Willems (discriminación auditiva)
- Dalcroze (ritmo e movemento)

A base principal desta metodoloxía será:

- Utilizar o xogo como base da expresión musical.
- Integrar aos alumnos nas actividades dunha forma activa e participativa.
- Predispoñer a escóita atenta das audicións propostas.
- Propiciar a improvisación e a creatividade como medio para desenvolver a autoestima.

Actividades tipo:

- Ler, escoitar, aprender e interpretar cancións coa voz.
- Exercicios de relaxación e respiración.
- Xogos motrices inspirados en obras musicais.
- Pasos básicos de danzas e bailes.
- Exercicios de ritmo con pequena percusión e percusión corporal.
- Audicións de músicas de distintos estilos, épocas e culturas.
- Recoñecer instrumentos de vento, corda e percusión.
- Exercicios de linguaxe musical, lectura e escritura de partituras.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

As sesións de Música e Danza lévanse a cabo na aula de música, situada no primeiro andar do centro. Nesta materia, requírese o uso de múltiples e variados recursos, convencionais e non convencionais, así como a creación de recursos propios e de aula elaborados polo alumnado e por min con materiais diversos.

Un dos recursos principais é o xogo, especialmente o sensorial-expresivo, dado que ademais de contribuír a un desenvolvemento afectivo e social, fomenta a exploración, a manipulación de materiais e é un medio ideal para a adquisición de habilidades corporais.

Para o desenvolvemento das sesións empregaremos os distintos materiais dos que dispomos nesta aula:

- Materiais audiovisuais: equipo de música, vídeo, cámara fotográfica, pantalla, canón, computador, conexión a internet.
- Carteis, fotografías, láminas, debuxos, diferentes tipos de soportes (papel, teas, cartón,...)
- Bibliografía e discografía diversa.
- Instrumentos de láminas.
- Instrumentos de pequena percusión (pandeiros, claves, triángulos, maracas...)
- Fruta doce.
- Piano dixital para acompañar as cancións.

Empregaranse tamén recursos relacionados directamente coa cultura galega: cantigas tradicionais, instrumentos galegos, e de utilidade pode ser o contacto real ou virtual de espectáculos que posibiliten o coñecemento de diferentes patrimonios culturais, artísticos e musicais.

Un recurso básico tamén será a biblioteca; contos para musicar, CD (música clásica, galega, doutras culturas, de diferentes estilos,...)

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

**AVALIACIÓN INICIAL DE CURSO:**

Levarase a cabo na segunda quincena de setembro.

Faranse controis, observando como cantan, como seguen un ritmo, se saben respectar os tempos de silencio, se saben escoitar unha peza musical con atención....

**AVALIACIÓN INICIAL DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:**

Esta avaliación realizarase de forma oral e mediante algunha actividade lúdica ou xogo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

**Criterios de cualificación:**

A avaliación será un proceso continuo de seguimento da evolución do alumnado, da práctica educativa e do desenvolvemento da propia programación. Realizarase unha avaliación global, continua e formativa, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares establecidos, que permitirá ir adaptando a programación ás condicións que vaia observando na práctica.

Para levar a cabo a avaliación teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

1. Consecución dos obxectivos (atendendo aos criterios de avaliación e estándares establecidos na programación). 60%

-Análise das interpretacións instrumentais e vocais (20%)

-Análise das actividades de expresión corporal (20%)

-Análise das actividades de escoita (20%)

2. Traballo diario (Participación activa, interese, esforzo por mellorar) 20%

3. Hábitos educativos (Conduta e comportamento persoal, relacións interpersoais e cooperación cos demais) 20 %

Estes criterios establécense tendo en conta que o primordial será crear un clima na aula que propicie unha actitude favorable cara a música e as actividades musicais, conseguindo así unha participación máis espontánea e activa por parte do alumnado que lles permita desfrutar ao máximo da música. Deste xeito, contribuírase ao desenvolvemento integral do alumnado.

Ao longo das diferentes sesións recolleranse datos que permitan establecer o grao de consecución dos obxectivos propostos tendo en conta os estándares de avaliación establecidos para cada un dos cursos nos diferentes trimestres. Os procedementos e instrumentos cos que se levará a cabo a avaliación serán:

-Observación directa e sistemática dos alumnos, recollendo datos sobre o seu traballo diario (participación activa, interese pola materia, esforzo por mellorar) e o seu comportamento, actitude e destrezas adquiridas. Empregarase un diario de clase e un rexistro anecdótico.

-Análise das producións: producións musicais (rítmico-melódicas, instrumentais, vocais, motrices...), gravacións ou observacións directas dos compañeiros e posterior valoración. Empregarase unha listaxe de control para cada unha delas.

-Actividades específicas: exposicións, test, cuestionarios, ditados rítmico- melódicos.

-Intercambios orais: diálogos co grupo, debates, postas en común e valoracións das propias realizacións.

### **Criterios de recuperación:**

Mínimos esixibles:

-Discrimina e representa sons fortes e suaves.

-Discrimina e representa sons agudos e graves.

-Identifica sons do contorno e a súa procedencia.

-Identifica sons lentos e rápidos de distinta procedencia.

-Identifica o pulso nunha canción e móvese seguindo o mesmo.

-Interpreta seguindo as indicacións de forte e piano.

-Interpreta exercicios de pregunta e resposta con percusión corporal.

-Demostra espontaneidade na interpretación de xestos e movementos.

-Móvese con soltura nos xogos danzados.

-Distingue distintos tempos.

-Identifica liñas e espazos no pentagrama.

-Domina a grafía da clave de sol.

-Manexa con soltura o grafismo da negra, silencio de negra e clave de sol.

-Discrimina a negra e o seu silencio.

-Identifica os instrumentos de percusión (xilófono, metalófono, batería e castañuelas).

-Recoñece o timbre dos instrumentos de pequena percusión (pandeiro, maracas, claves, triángulo e cunchas).

-Presta atención nas audicións.

-Coida os instrumentos e o material da clase.

-Participa de forma activa na clase de música.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

O carácter práctico e de grupo das clases de música garante que cada alumno vaia desenvolvendo as súas habilidades e capacidades seguindo o seu propio ritmo de aprendizaxe. Ademais, as actividades propostas irán en orde crecente de dificultade, de xeito que cada alumno poida acadar o seu propio nivel de realización e permitirán a introdución de modificacións para seren adaptadas á diversidade do alumnado. En calquera caso, prestarase unha atención máis individualizada a aqueles alumnos que presenten maiores dificultades.

Alumnos con diferentes ritmos de aprendizaxe

+ Para os alumnos con dificultades e un ritmo lento:

-Variar os recursos.

-Reforzar os seus logros.

-Procurar ter un clima na aula acolledora no que non teñan medo a expresar as súas dificultades.

- Facer actividades de apoio e reforzo.
- + Para alumnos/as con ritmo de aprendizaxe rápida:
- Realizar actividades de ampliación e profundización.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz			X			
ET.2 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital						X

#### Observacións:

A educación en valores traballarase de forma transversal a través de todas as áreas. Crearase un ambiente na aula que fomente a vivencia dos valores propios dunha sociedade democrática tales como a responsabilidade, o respecto, a implicación activa, o traballo en equipo, o coidado das instalacións e a colaboración.

De forma específica dentro da área de Música e Danza realízanse actividades encamiñadas a fomentar:

- O aprecio pola nosa identidade cultural
- O valor das distintas culturas.

A través das conmemoracións xa previstas en calendario escolar que aproveitaremos para interiorizar os valores que levan implícitos:

- Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.
- Día da Infancia.
- .-Día Escolar da Paz.
- Día Internacional da Muller .

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistir e participar nun concerto didáctico	Interpretar pezas en dito concerto	X		
Día das Letras Galegas	Interpretaranse cancións para conmemorar dito día.			X

#### Observacións:

A través da materia de Música organizaranse actividades para colaborar co proxecto de centro que neste curso recibe o nome de "Canta, baila, emociónate".

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade
-Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)
Metodoloxía empregada
2. Suscito situacións introdutorias previas ao tema que se vai a tratar (traballos, diálogos, lecturas...)
-Motivación ao longo de todo o proceso
1. Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada...
2. Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real
1. Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos.
2. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema ( mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, ...)
3. Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando, ...
-Actividades na aula
1.Suscito actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
2.Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
3. Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.
1. Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de,exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase).
2.Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar... etc, controlando sempre que o adecuado clima de traballo.
3.Utilizo recursos didácticos variados ( audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.
4.Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas dos alumnos Comprobo, de diferentes modos, que vos alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e asegúrome a participación de todos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
-Recursos e organización da aula
Clima de traballo na aula
-Motivación inicial dos alumnos:.

Outros

3. Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas

### Descrición:

A avaliación da propia programación realizarase ao longo do curso e ao remate do mesmo coa finalidade de valorar a súa adecuación ao desenvolvemento das sesións e introducir así as modificacións que sexan oportunas.

Os membros do equipo docente levarán a cabo de forma periódica, unha posta en común no que se analizará o desenrolo do programa nos diferentes cursos e a realización das actividades tanto na aula como as programadas fóra dela, coa finalidade de ir subsanando as deficiencias que poidan xurdir ao longo do seu desenvolvemento.

Nesta análise do proceso terase en conta se se traballaron os contidos, se se afondou neles nun grao conveniente, cal é o grao de consecución dos obxectivos, que obxectivos non se cumpriron, e a posible razón deste incumprimento, etc.

Tamén se avaliarán os métodos, a didáctica e os recursos materiais, o proceso de avaliación e formularanse as propostas de mellora.

Con todos estes datos elaborarse a programación da materia para o seguinte ano académico.

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, avalíaranse os seguintes criterios:

-Desenvolvemento na clase da programación.

-Consecución dos obxectivos propostos.

-Adecuación de obxectivos, contidos, medios e metodoloxía coas necesidades reais.

-Adecuación das actividades ao alumnado

-Implicación e satisfacción, tanto do alumnado como do profesorado, na realización das actividades propostas.

-Ambiente creado durante as sesións.

-Organización do tempo e do espazo.

-Idoneidade das técnicas e instrumentos de avaliación empregados.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os membros do equipo docente levarán a cabo de forma periódica, unha posta en común no que se analizará o desenrolo do programa nos diferentes cursos e a realización das actividades tanto na aula como as programadas fóra dela, coa finalidade de ir subsanando as deficiencias que poidan xurdir ao longo do seu desenvolvemento.

Nesta análise do proceso terase en conta se se traballaron os contidos, se se afondou neles nun grao conveniente, cal é o grao de consecución dos obxectivos, que obxectivos non se cumpriron, e a posible razón deste incumprimento, etc.

Tamén se avaliarán os métodos, a didáctica e os recursos materiais, o proceso de avaliación e formularanse as propostas de mellora.

Con todos estes datos elaborarse a programación da materia para o seguinte ano académico.

Na memoria final de curso reflectiranse os cambios introducidos e os aspectos a mellorar.

### 9. Outros apartados